

BOLETÍN DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DO CONCELLO DE BURELA

SETEMBRO 2009

AXUDAS PARA A VOLTA AO COLE CURSO 2009-2010

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aportará 180 € por alumno de familias con rendas baixas grazas ao novo sistema de axudas á compra de libros en centros públicos e concertados, que vai substituír progresivamente ao mecanismo de préstamo vixente. O novo programa dotará as familias de bolsas que cubrirán a compra en función do nivel da renda, asegurando axudas para as familias con menos recursos. O sistema de "gratuidade solidaria", concibido para que as rendas máis altas e desafogadas contribúan solidariamente coas máis necesitadas, é o que máis cartos aporta por alumno en toda España. A bolsa cubrirá:

- para as familias con ingresos de ata 5.400 € anuais por persoa un importe de 180 € por neno/a.
- para as familias con ingresos entre 5.400 e 9.000 € a axuda será de 140 € por neno/a.

Ademais, a bolsa será de ata 250 euros para o alumnado de Educación Especial, independentemente dos ingresos familiares.

Contido:

- *Axudas para a volta ao cole curso 2009-2010.*¹
- *Curso de fotografía dixital "Olladas de Muller"*²
- *Visita didáctica para os colexios: O Barco Museo Boniteiro.*³

CIM DE
BURELA:
once anos
na procura
da
igualdade!



CURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL

Ata 30 de setembro está aberto o prazo de inscrición para a actividade "Olladas de Mulleres, visións desde a Mariña", organizada pola Observatorio da Mariña pola Igualdade co obxectivo de contribuír ao emponderamento das mulleres a través da fotografía. A actividade desenvolverase a partir do mes de Outubro en colaboración cos Concellos de Barreiros, Riotorto, Burela e Mondoñedo, pola que na inscrición terán preferencia as mulleres censadas nestes Concellos, así como as socias do Observatorio, estas últimas independentemente das localidades onde residan.



O procedemento para anotarse difiere segundo o Concello no que se desexe realizar a actividade; así en Burela e Mondoñedo as inscricións realizaranse desde o centro de Información ás mulleres, cuxos teléfonos de contacto son respectivamente: 982. 58 06 09 (Burela) e 982. 52 13 69 (Mondoñedo). En Barreiros as inscricións deben realizarse no centro de Municipal de Información Xuvenil (982. 124106) e en Riotorto chamando aos números (629.028.702/ 663617406). O custo da actividade é de 10 euros para aquelas mulleres que non sexan socias do Observatorio e, no momento da inscrición, as participantes deben indicar se posúen cámara fotográfica dixital propia, xa que o Observatorio conta cun número moi limitado de cámaras para emprestar. O número de prazas está limitado a 15 mulleres en cada localidade.



**Observatorio
da Mariña
pola Igualdade**

A actividade "Olladas de mulleres, visións desde a Mariña" consta de 3 partes, a primeira consiste nun obradoiro de fotografía dixital, impartido polas fotógrafas mariñás, Marián García Mesa e Lucía Valea.



Nas diferentes localidades os cursos terán lugar nas seguintes datas:

En Burela, os venres a partir do 2 de Outubro, en horario de 16 a 19.

VISITA DIDÁCTICA: O Barco Museo Boniteiro.

O Barco Museo Boniteiro "Reina del Carmen" atópase atracado no porto e é unha homenaxe á pesca artesá do bonito e aos homes do mar.

Do barco pódense visitar todos e cada un dos seus compartimentos, tanto os de cuberta e da ponte, como baixo cuberta e o casco por dentro. Actualmente están a

pleno funcionamento todos os seus equipamentos, eléctricos, hidráulicos, neumáticos, de seguridade e salvamento, así como os seus motores principais e auxiliares. Consérvanse asimesmo os medios e métodos de pesca tradicionais empregados para a pesca do bonito na especialidade da cacea ou curricán, sendo esta a forma artesanal de pesca que mellor garante a excelente calidade do produto.



Centro de
Información ás Mulleres
do Concello de Burela

Casa do Concello, Eijo Garay, 20.
27880 Burela (Lugo)
Teléfono/fax: 982 58 06 09
Correo: cim@burela.org

CIM DE BURELA:
*doce anos na
procura da
igualdade!*



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade